

DOMINGO II DE PASCUA (B)

PRIMEIRA LECTURA Feit 4, 32-35

Lectura do libro dos feitos dos Apóstolos

A comunidade dos crentes tiña un só corazón e unha soa alma, e ninguén consideraba coma seu o que posuía, senón que tódalas cousas eran comúns.

Os apóstolos, con gran poder, daban testemuño da resurrección do Señor Xesús, e todos eles eran ben considerados.

Non había entre eles ningún necesitado, porque tódolos que tiñan bens ou casas vendíanos, levaban os cartos e depositábanos ós pés dos apóstolos, que repartían a cadaquén segundo precisaba.

SALMO RESPONSORIAL Sal 117, 2-4. 16ab-18. 22-24

R/. (1): Loade o Señor, porque é bo, porque é para sempre a súa misericordia.

Ou: Aleluia.

Que o diga a casa de Israel:
é para sempre a súa misericordia.

Que o diga a casa de Aharón:
é para sempre a súa misericordia.

Que o digan os que temen o Señor:
é para sempre a súa misericordia.

A destra do Señor é excelsa,
a destra do Señor fixo proezas.

Non hei morrer, vou vivir,
e pregoa-los feitos do Señor.
Castigoume o Señor, castigoume,
mais non me entregou á morte.

A pedra que os canteiros desbotaron,
esa mesma, converteuse en esquinal.

Foi o Señor quen o fixo,
unha marabilla á nosa vista.

Este é o día no que o Señor actuou:
alegrémonos nel e relouquemos.

SEGUNDA LECTURA 1 Xn 5, 1-6

Lectura da Primeira Carta do Apóstolo san Xoán

Irmáns benqueridos:

Todos cantos cren que Xesús é o Mesías, naceron de Deus; e quen ama o que enxendra, ama tamén a quen aquel enxendrou. Sabemos que amámo-los fillos de Deus, se amamos a Deus e cumprimos cos seus mandamentos.

Porque o amor a Deus consiste en cumprir cos seus mandamentos. Os mandamentos de Deus non son pesados, porque nacer de Deus permítenos vence-lo mundo. E esta é a victoria que derrota o mundo: a nosa fe.

Porque ¿quen é o que derrota o mundo, senón o que cre que Xesús é o Fillo de Deus?

O que veu con auga e sangue, foi el, Xesús Cristo; non veu con auga só, senón con auga e con sangue.

E o Espírito é quen dá testemuño, xa que o Espírito é a Verdade.

EVANXEO Xn 20, 19-31

Lectura do Santo Evanxeo segundo Xoá

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles: - Paz convosco.

Dito isto, mostrólle-las mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez: - Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles: - Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoéde-los pecados, quedaranlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranlles retidos.

Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús. Dicianlle entón os outros discípulos: - Vímo-lo Señor.

Pero el contestoulles: - Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non crerei.

Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo: - Paz convosco.

Despois díxolle a Tomé: - Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe.

Tomé respondeulle: - ¡Meu Señor e meu Deus!

Xesús díxolle: - ¿Tes fe porque me viches? ¡Benia os que creron sen veren!

Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus e, crendo, teñades vida nel.